

## Ficha de envío de propostas ao Viveiro de propostas normalizadoras da CTNL

<b>Proposta de nome para o proxecto</b>	<b>Acompañar as netas e os netos en galego. Dálle o galego.</b>
<b>Datos da persoa que fai a proposta</b>	Nome e apelidos: Begoña Caldas Rodríguez Enderezo-e: begona.caldasrodriguez@telefonica.com Profesión/posto/ámbito/entidade: SAL de Telefónica
<b>Breve descrición do proxecto</b>	<p>Campaña de dinamización dirixida ás avoas e aos avós para que acompañen en galego as súas netas e netos.</p> <p>Autocolante, por exemplo, dunha avoa nun parque coa súa neta á que lle dá un agasallo que podería ser, por exemplo, un mapa con todos os países da lusofonía e co texto, é unha idea, dálle o galego. Podería ser un recordo do “Fálalle galego” <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipderefoxos/?q=node/305">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipderefoxos/?q=node/305</a>, mais totalmente cambiado, sen ser o galego na intimidade do fogar. O galego na rúa e na segunda xeración.</p> <p>Folleto explicativo.</p>
<b>Obxectivos da iniciativa</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Potenciar os aspectos positivos de transmitir o galego.</li><li>– Eliminar os prexuízos que as avoas e os avós galegofalantes poden ter para non lles transmitir o galego ás súas netas/os malia non viviren no mesmo tempo de cando educaron as súas fillas/os.</li><li>– Que desde a NL non se dea por perdida a transmisión interxeracional nas cidades e que se imaxinen formas de conseguila máis aló da transmisión na primeira xeración.</li><li>– Obxectivo último: o inmediato, concienciar da necesidade de que as nenas e nenos en contornos castelanfalantes teñan contacto co galego antes dos 6 anos. Que o galego entre xeracións se considere como obxectivo na segunda xeración.</li></ul>
<b>Explicación de en que consistiría a acción</b>	<p>Elaboración dun autocolante e dun folleto.</p> <p>Presentación a un SNL dun concello para que financie a súa edición, impresión e distribución.</p>
<b>Destinatarios/as</b>	As persoas destinatarias últimas son as nenas e os nenos, as persoas destinatarias directas son as avoas e os avós e as técnicas e técnicos de normalización lingüística.

<b>Quen se propón que a promova?</b>	O grupo que se apunte e, a continuación, o SNL dun concello.
<b>Necesidades materiais</b>	Orzamento para pagar unha empresa encargada da dinamización do galego.
<b>Necesidades humanas</b>	Fotógrafa/o ou debuxante. Publicista. Unha persoa que xa levase adiante algunha campaña de dinamización. Unha persoa con coñecementos de sociolingüística para determinar cales son os prexuízos que poden permanecer máis activos e determinar que é o máis importante pór en primeiro plano para alentar un cambio de actitude. Unha persoa que estea disposta a se entrevistar co SNL dun concello.
<b>Proposta de xestión do proxecto</b>	Para xestionar desde o SNL dun concello.
<b>Prazos previstos</b>	O próximo curso escolar.
<b>Outras observacións</b>	As crianzas de menos de 6 anos poden estar nun absoluta desconexión co galego ao non ter a escola en galego, a TVG pola tarde cos debuxos en inglés, a súa nai/pai castelanfalantes... As avoas e os avós acompañan as crianzas, a miúdo, grande parte do seu tempo e moitas/os delas/es teñen o galego gardado no peto. Hai unha dificultade para que quen educou en castelán as súas fillas/os cambie de actitude coas súas netas/os, mais tamén pode haber factores de mudanza.